

## CRITERIOS XERAIS PARA A ADMISIÓN DO ALUMNADO

Recollidos no Artigo 13ª da *ORDE do 21 de outubro de 2022*

|   |   |                  |
|---|---|------------------|
| Irmáns/irmás no propio centro   | Primeiro irmán/irmá                                     | 8 puntos         |
|   | Segundo e seguintes                                     | 2 puntos cada un |
|   | <b>Máximo</b>   | <b>14 puntos</b> |
| Proximidade do domicilio familiar<br>NON ACUMULABLE a lugar de traballo     | Se o domicilio familiar está na área de influencia      | 8 puntos         |
|   | Se o domicilio familiar está en áreas limítrofes        | 4 puntos         |
|   | Se o domicilio familiar está noutras áreas              | 0 puntos         |
| Lugar de traballo da nai/pai/titor/a<br>NON ACUMULABLE a domicilio familiar | Se o lugar de traballo está na área de influencia       | 6 puntos         |
|   | Se o lugar de traballo está en áreas limítrofes         | 3 puntos         |
|   | Se o lugar de traballo está noutras áreas               | 0 puntos         |
| Renda per cápita da unidade familiar  | Inferior a 0,5 veces o IPREM                            | 3 puntos         |
|   | Igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM | 2 puntos         |
|   | Igual ou superior a 0,75 e inferior ao IPREM            | 1 punto          |
|   | Igual ou superior ao IPREM                              | 0 puntos         |
| Traballador/a do propio centro  | Nai, pai ou tirores legais que traballen no centro      | 3 puntos         |
| Pertenza a familia numerosa   | Por familia numerosa de categoría especial              | 3 puntos         |
|   | Por familia numerosa de categoría xeral                 | 2 puntos         |
| Alumnado nado por parto múltiple  | Dous irmáns/irmás                                       | 8 puntos         |
|   | Máis de dous irmáns/irmás                               | 10 puntos        |
| Familia monoparental  | Por condición de familia monoparental                   | 2 puntos         |
| Por concorrencia de discapacidade<br>Superior ao 33 %                       | Alumno/a  | 4 puntos         |
|   | Nai, pai, titor/a legal                                 | 3 puntos         |
|   | Irmán/irmá  | 1 punto          |
|   | <b>Máximo</b>   | <b>4 puntos</b>  |
| Vítima de violencia de xénero   | Calquera dos membros da unidade familiar                | 2 puntos         |
| Vítima de terrorismo  | Calquera dos membros da unidade familiar                | 2 puntos         |
| Expediente académico<br>SÓ EN BACHARELATO                                   | Nota media SOBRESALIENTE                                | 2 puntos         |
|   | Nota media NOTABLE                                      | 1 punto          |
|   | Nota media BEN  | 0,5 puntos       |

### INDICADOR PÚBLICO DA RENDA DE EFECTOS MÚLTIPLES (IPREM)

Para a valoración da renda anual per cápita da unidade familiar, deben facer constar na solicitude de admisión a suma das casiñas **435+460**, relativas ao IRPF do exercicio 2021. Esta cantidade dividírase entre o número de membros da unidade familiar referido ao día 28 de febreiro de 2023.

O indicador público da renda de efectos múltiples correspondentes ao ano 2021, está cifrado en: 6.778,80 € y 7.908,60 € para os modelos de 12 y 14 pagas respectivamente.

## CRITERIOS DE DESEMPATE

En caso de empate na puntuación total, resolverase atendendo á maior puntuación obtida en cada un dos criterios de baremo seguindo a **orde de prelación** seguinte:

1. Irmán ou irmá matriculados no centro.
2. Proximidade ao centro docente do domicilio familiar ou do lugar de traballo da persoa proxenitora, titora ou acollidora.
3. Renda per cápita da unidade familiar.
4. Persoa proxenitora, titora ou acollidora traballadora do centro docente.
5. Familia numerosa.
6. Alumnado nado de parto múltiple.
7. Familia monoparental.
8. Discapacidade de calquera membro computable da unidade familiar.
9. Condición de vítima de violencia de xénero.
10. Condición de vítima de terrorismo.
11. Criterio complementario, de ser o caso.
12. Expediente académico para as ensinanzas de bacharelato.

Se persistise o empate, resolverase tendo en conta o resultado dun sorteo público anual que realizará a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a última semana do mes de febreiro e, en todo caso, antes do 1 de marzo.

Neste sorteo extraeranse aleatoriamente dúas bolas dun conxunto de dez, numeradas do 0 ao 9. Antes de proceder a cada extracción, volverase a introducir a bola extraída con anterioridade. O número obtido ao colocar de esquerda a dereita e pola mesma orde de extracción as bolas divídese entre cen; se o número obtido fose "00" hai que considerar que a extracción se corresponde co número 100 para facer a división. Este número multiplícase polo número de solicitudes empatadas en cada centro e curso e o resultado desta multiplicación redondéase á alza.

O dito número enteiro determina a posición ordinal da solicitude que ocupará o primeiro lugar e, a partir desta, a orde das sucesivas solicitudes empatadas, previamente ordenadas de forma ascendente e correlativa con base no número aleatorio asignado pola aplicación admisionalumnado no momento da súa gravación no sistema.